




GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE ALLARIZ



Ó PLENO DO CONCELLO DE ALLARIZ

MOCIÓN SOBRE A VAGA DE LUMES QUE ASOLOU GALICIA

Zaida Rodríguez Camba, na súa condición de Concelleira do Grupo Municipal Socialista no Concello de Allariz, ó abeiro do disposto nos artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

MOCIÓN

Exposición de motivos:

A vaga de lumes que asolou Galicia nos pasados días, de maneira máis intensa o pasado domingo 15 de outubro, supuxo unha nova desgraza para o país, para a súa riqueza medioambiental, social, vital, económica e incluso para a autopercepción como sociedade avanzada e coidadosa de si mesma e da súa terra. Pero, indiscutiblemente, e sen punto de comparación, as desgrazas humanas sufridas durante estes días que causaron a morte de 4 persoas foron unha perda irreparable e insuperable.

O problema dos lumes en Galicia non é un problema novo. De maneira continuada véñense producindo feitos e situacións que alimentan e favorecen a aparición de lumes no monte galego. O descoido e desleixo das labores de coidado do monte supón un elemento de grande perigo, e un factor tremendamente facilitador da aparición e, sobre todo, da propagación dos lumes. É imprescindible levar a cabo unha política de prevención eficiente, con investimentos decididos e realmente comprometidos, que aposte polo coidado e mantemento concienciado en colaboración coas comunidades de montes, Concellos, Deputacións, agrupacións ecoloxistas, distintas organizacións e todos os niveis da administración e os distintos colectivos.

A política de extinción de incendios do Goberno da Xunta de Galicia foi errática e chea de bandazos. A decisión de non prolongar contratos de persoal anti-incendios (fixos descontínuos de 3 meses 436 persoas e 500 de Seaga), a facilidade de procesos de privatización dos recursos dispoñibles, a deixamento na atención as advertencias de perigo que dende distintos puntos e voces autorizadas e expertas fixeron do nivel de perigo existente, o rexeitamento de iniciativas parlamentarias e municipais que fixeron distintos grupos políticos.

A situación vivida especificamente nos últimos días, e nomeadamente no último domingo, foi absolutamente desesperanzadora e dramática. Os concellos víronse sobrepasados, mais tiveron que afrontar os lumes cos seus únicos medios municipais e/ou



GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DE ALLARIZ

con minguados efectivos autonómicos. Existiu unha claramente deficiente coordinación de servizos por parte da Xunta de Galicia, que provocou caos e desesperación nos veciños e veciñas que tiveron que loitar desprotexidos e desamparados ante o lume coa única axuda dos seus medios.

Por todo elo, o Grupo Municipal Socialista no Concello de Allariz, somete a votación a seguinte MOCIÓN para aprobar as seguintes propostas a Xunta de Galicia:

- Conformer un grupo de traballo plural, que conte coa participación das forzas políticas, de todos os niveis da Administración, forzas e corpos de seguridade e membros dos equipos de extinción, expertos profesionais e académicos, que afronten de maneira global o problema do monte galego e a existencia reiterada de incendios e vagas de lumes.
- Cuantificación dos danos causados polo lume en Galicia no 2017.
- Poñer en marcha por parte da Xunta de Galicia as medidas necesarias para evitar a erosión e deterioro dos montes queimados, evitando tanto a súa degradación como a contaminación de canles e mananciais.
- Dotar as medidas anteriores con orzamentos suficientes por parte da Xunta para poder levar adiante as citadas medidas.
- Solicitar aos grupos políticos representados no Parlamento de Galicia a que se comprometan de maneira unánime a apoiar un investimento sostido e continuado dun aumento das partidas orzamentarias destinadas á prevención dos lumes no monte que sexan suficientes para consolidar unha Estratexia galega contra os incendios.

En Allariz a 19 de outubro de 2017.

Asdo.: Zaida Rodríguez Camba.
Concelleira do PSdG-PSOE en Allariz.

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE ALLARIZ.-